

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
VINTE E SEIS DE XULLO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE
	Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Escusa asistencia	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día vinte e seis de xullo de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día sete de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 1.260/11 de dona Dolores López Salgueiro

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Barcelona, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 156 m², consistente en cambiar a tella existente, situada en Fontao, en solo cualificado como de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a dos cumios así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e seis euros con trinta e seis céntimos (#86,36#)

2.2.- Instancia num. 1.238/11 de don José Nieves Ferreiro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente en encintar paredes e cambiar tella existente nunha superficie de 40 m², situada en Quintáns, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e dous euros con cincuenta e catro céntimos (#62,54#)

2.3.- Instancia núm. 1.267/11 de don José Sánchez Mallo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Barakaldo (Bizkaia), solicita licenza para a construcción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 125 m con base de bloques, postes e arame, no lugar de Cornado -San Fins de Sales, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m de distancia dende a vía; garantirse o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e sete euros con setenta e oito céntimos (#77,78#).

2.4.- Instancia núm. 1.245/11 de don Romualdo Rendo Pazos

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para pavimentado de formigón de aproximadamente 90 m² en Torre de Arriba.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, non tendo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e oito euros (#28,00#).

2.5.- Instancia núm. 837/11 de don Jesús Castro Blanco

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente en encintar paredes e al-

boios anexos consistentes no cambio do tellado, situada en Paradela, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección augas (R-5)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais de acordo co establecido na lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de trinta e seis euros con sete céntimos (#36,07#)

2.6.- Instancia núm. 590/11 de dona Victoria Sinde Neira

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a rehabilitación de anexo á vivenda, de aproximadamente 70 m² en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, situada en Sobredo, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección forestal (R-3).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da misma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais de acuerdo co establecido na lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e a cor a utilizar nas fachadas será branco ou en tons suaves acordes co entorno.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de cincuenta e tres euros con trinta céntimos (#53,30#)

2.7.- Instancia núm. 1.202/11 de dona Mónica Fernández Rodríguez

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago de Compostela, expón que con data 02/06/2009 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar en Laraño -San Xián de Sales (nº 53/2009), e rematadas as mesmas e achegando os documentos preceptivos, solicita que de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a concesión da licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidad de noventa (#90,00#) euros.

2.8.- Instancia núm. 648/11 de Purificación Castelao Pérez.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Rosende (San Cristovo de Merín) solicita licenza para proceder á parcelación da finca nº 508 de concentración parcialaria de Vilanova - Merín, situada en Rosende, en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado asinado por don José A. Pose Rodríguez en calidade de Arquitecto-Técnico e de data 28 de abril de 2011.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concede-la licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Rosende da parroquia de San Cristovo de Merín, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de (#120,00#) euros.

2.9.- Instancia núm. 1.130/11 de don José Manuel Dopazo Mella

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, expón que a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar en Manteles de Arriba (expediente 40/2008), e dado que non se remataron as obras solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado e concederlle unha prórroga de tres anos para o remate das mesmas.

2.10.- Instancia núm. 2099/11 de don Rafael Barreiro López

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Merín, expón que a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar en Cabanelas-Merín (nº 61/2008), e rematadas as mesmas e achegando os documentos preceptivos, solicita que de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a concesión da licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de noventa (#90,00#) euros

3º.- Certificacións de obras

3.1.- Certificación núm. 3 e final da obra de *Ampliación da rede de alumeados en Sarandón, Fornelos e Argunte do POS 2010.*

Dáse conta da certificación núm. 3 e final da obra de *Ampliación da rede de alumeados en Sarandón, Fornelos e Argunte* (código 10.2100.0242.0), incluída no POS 2010 e más da factura núm. 2011313 da empresa adxudicataria Electricidad Cruceiro, S.L, por importe de vinte e sete mil seiscientos setenta e seis euros con cincuenta e seis céntimos (#27.676,56#), sendo o director da mesma o arquitecto don Fernando Faya Martínez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e más a factura polos traballos relacionados na mesma.

4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

4.1.- Escrito núm. 790/11 de Electricidad Cruceiro, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don José Manuel Varela Carregal, en nome e representación de Electricidad Cruceiro, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da certificación núm. 2 da obra *Ampliación da rede de alumeados en Sarandón, Fornelos e Argunte* (código 10.2100.0242.0), por provisión de materiais, ao abeiro do establecido

no artigo 215 da Lei 30/2007, de contratos do sector público e na base 31.4.2 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras comprendidas en Plans Provinciais.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a devolución do citado aval.

5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe da técnica de emprego dona M^a. Cruz Vilas por xestións varias. Importe 10,51 euros

Quilometraxe da funcionaria dona María Canedo por xestións varias nos meses de maio e xullo. Importe 25,41 euros

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio do mes de xuño. Importe 75,78 euros

Quilometraxe da auxiliar de servizos dona Belén González Gestoso do mes de xuño. Importe 26,27 euros

Quilometraxe do operario de servizos varios don José I. Munín do mes de xuño. Importe 9,08 euros

Gastos de asistencia da funcionaria dona Mercedes Pereiras á Deputación Provincial a xornada sobre do proxecto de administración electrónica nos concellos adheridos ao proxecto. Importe 70,50 euros

Fondo social do funcionario don Carlos Sanmartín (seguro médico), segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 129,90 euros

Fondo social (oftamoloxía) da funcionaria dona María Canedo, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 200,03 euros

Fondo social (odontoloxía) da traballadora social dona Ana M^a. Aldrey, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 37,50 euros

Asistencias á Mesa de Selección para a contratación dun oficial de segunda de protección civil dos Programas de Cooperación. Importe 217,92 euros

Factura núm. 11-A/6726 de Sistemas de Seguridade A-1, S.L por mantemento sistema de alarma na casa do antigo xulgado. Importe 481,33 euros

Factura núm. 10 de Panadería Raviña por alimentos para a sardiñada na terceira idade. Importe 156,50 euros

Factura núm. 110015 de Farmacia Jesús Isla por luvas e outros . Importe 59,83 euros

Factura núm. 5/2011 de Fermín González Blanco, S.L por redacción do plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla. Importe 2.476,63 euros

Factura númer. 7/2011 de Fermín González Blanco, S.L por redacción do plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla. Importe 2.476,63 euros

Factura númer. VD 06/2011 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardería na escola infantil de Vedra. Importe 5.789,86 euros

Factura númer. 079/11 de Montajes Eléctricos Vizcaino, S.L por mantemento do alumeadoo público no mes de xuño. Importe 2.300,00 euros

Factura númer. U825017 de Ricoh España S.L.U por mantemento fotocopiadora da casa do concello e bibliotecas no 3º trimestre. Importe 296,39 euros

Factura númer. U809070 de Ricoh España S.L.U por diferenza de copias efectuadas na fotocopiadora da casa do concello no 2º trimestre. Importe 122,25 euros

Factura númer. 900/11 de Gráfica de Asturias, S.L por material de oficina. Importe 48,90 euros

Facturas númeras. P104.482 e M100.969 de Editorial Compostela, S.A por concerto publicidade. Importe 708,00 euros

Factura númer. 25 de Grupo Acofide, S.C por contrato de xestión da piscina municipal no mes de xuño. Importe 2.706,92 euros

Factura númer. 17 de Grupo Acofide, S.C por contrato de xestión das instalacións e actividades do pavillón municipal no mes de maio. Importe 5.826,25 euros

Factura númer. 32102420 de Automóviles Louzao, S.L por arranxos no camión de recoillida de lixo. Importe 755,40 euros

Factura númer. 223 de Socyser (Coesco - Deza, S.L) por servizo de axuda no fogar no mes de xuño a usuarios dependentes. Importe 6.209,32 euros

Factura númer. 224 de Socyser (Coesco - Deza, S.L) por servizo de axuda no fogar no mes de xuño a usuarios de libre concorrencia. Importe 2.099,12 euros

Factura númer. 4000745401 de Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos, S.A do mes de xuño. Importe 384,81 euros

Listado de recibos de alumeados públicos do mes de maio. Importe 9.228,23 euros

Factura númer. 106/11 de Alquimao, S.L por puntais. Importe 9,44 euros

Quilometraxe de dona Sara Parada Alvela por voluntariado de acompañamento de persoas maiores nos meses de novembro/2010 a maio /2011. Importe 32,76 euros

Gastos de recibos de Castromil, S.A do voluntario de protección civil don Manuel González Penido. Importe 80,92 euros

Factura de abono de José Manuel Segade Martínez por devolución cortinas no velorio de San Pedro. Importe -695,02 euros

Factura núm. 216/11 de Talleres y Repuestos Barco, S.L por materiais para a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil. Importe 2.640,33 euros

Factura núm. 310.124 de Artes Gráficas Litonor por revista do concello. Importe 1.991,60 euros

Factura núm. 310.166 de Artes Gráficas Litonor por tarxetas, adhesivos e outros para a Festa do Viño. Importe 116,82 euros

Factura núm. 310.167 de Artes Gráficas Litonor por boletín do concello do mes de marzo. Importe 509,76 euros

Factura núm. 21 1450 de Ulla Oil, S.L por provisión de gasóleo para os vehículos municipais. Importe 1.823,03 euros

Factura núm. 31 4082 de Ulla Oil, S.L por provisión de gasóleo bonificado para os tractores municipais. Importe 1.045,76 euros

Factura núm. 11/2110327 de Cogami Reciclado de Galicia, S.L (COREGAL) por recollida de cartón no mes de xuño. Importe 33,37 euros

Factura núm. 2011/1750 de Sogama por tratamiento dos residuos sólidos de Vedra no mes de xuño. Importe 8.179,68 euros

Factura núm. 28 de Miguel Camino Bouzón por traballos no mes de xuño. Importe 1060,82 euros

Factura núm. 172 de Coesco- Deza, S.L (SOCYSER) por prestación de servizos de axuda no fogar no mes de abril. Importe 3.019,20 euros

Factura núm. 222 de Coesco- Deza, S.L (SOCYSER) por prestación de servizos de axuda no fogar no mes de xuño. Importe 1.300,50 euros

Factura núm. 11/000144 de Mapoca, S.L por formigón subministrado, con cargo ao convenio da Deputación para a colocación de soportes para contedores. Importe 4.074,52 euros

Factura núm. 041/11 de Reparaciones Sinde, S.L por arranxos no camión de recollida de lixo no mes de xuño. Importe 167,91 euros

Factura núm. 111928 de Portomédica por material para o servizo de fisioterapia. Importe 47,70 euros

Factura núm. 11/00633 de Sapa Cont. y Serv. por retirada de lixo do punto limpo. Importe 774,36 euros

Factura númer. 277-12/11 F por xestión do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento. Importe 44.590,83 euros

Factura númer. 7170040473 de Ofiservice por material de oficina. Importe 541,45 euros

Factura númer. 201100086 de Manuel Botana Granja por produtos para protección civil e outros. Importe 81,64 euros

Factura númer. 106/10 de Pazos y Vieiro, S.L por vestiario para a brigada verde. Importe 154,00 euros

Factura númer. 106/11 de Pazos y Vieiro, S.L por vestiario para a brigada de albaneleira. Importe 325,50 euros

Factura númer. 106/9 de Pazos y Vieiro, S.L por vestiario para a servizo de limpeza. Importe 155,00 euros

Factura númer. A 276 de Autocares Mougán, S.L por servizo cun autobús con motivo da romaría da terceira idade. Importe 243,00 euros

Factura númer. 0396/E11 de Talleres San Fins, S.L por arranxos na Nissan da brigada verde. Importe 273,17 euros

Factura númer. 0391/E11de Talleres San Fins, S.L por arranxos na desmalezadora no mes de xuño. Importe 646,60 euros

Factura númer. 26 de Librería Avenida por material de oficina. Importe 82,95 euros

Factura númer. 23 de Librería Avenida por materiais para a Casa da Terceira Idade. Importe 127,46 euros

Factura númer. 22 de Librería Avenida por materiais para o programa de educación familiar. Importe 328,90 euros

Factura númer. 950/86993 de Initial Textiles e Higiene, S.L por retirada de unidades hixiénicas na casa do concello e na gardería municipal. Importe 250,79 euros

Facturas númeras. 01-751, 01-750, 01-752, 01-749, 01-754, 01-753 e 01-744 de Puente Ulla, S.L por carburantes para os vehículos municipais en xuño. Importe 2031,59 euros

Recibo de Gas Natural , SA correspondente ao albergue de peregrinos. Importe 100,93 euros

Recibo de Editorial Compostela, S.A por subscrición ao xornal no mes de xullo. Importe 41,00 euros

Recibo de La Voz de Galicia, S.A por subscrición ao xornal no mes de xuño. Importe 32,00 euros

Recibos de Securitas Direct España, S.A correspondentes a varias dependencias municipais. Importe 209,78 euros

Recibo de Digital + por servizo de Canal + Fútbol na casa da terceira idade en xullo. Importe 51,47 euros

Recibo de Siemens Renting, S.A por alugamento da fotocopiadora da planta baixa da casa do concello en xuño. Importe 558,32 euros

Gastos de entradas ao Monte de Santa Tegra dos participantes da ludoteca na excursión, con cargo ás achegas dos usuarios. Importe 19,10 euros

Recibo de Leroy Merlin por materiais para a ludoteca municipal. Importe 27,90 euros

Gastos da autoestrada para levar o camión de recollida de lixo a Ourense para o seu arranxo. Importe 7,80 euros

Factura núm. 0092154829 de Siemens Rentig S.A por facturación última da fotocopiadora da planta baixa da casa do concello. Importe 7,08 euros

Factura de Telefónica Móviles correspondente á sede de protección civil no mes de xuño. Importe 158,63 euros

Gastos da excursión da terceira idade a Ponteareas con cargo ás achegas dos participantes. Importe 772,00 euros

Factura de Gas Natural SUR SDG, por suministro eléctrico ao albergue de peregrinos en xullo. Importe 263,10 euros

Factura núm. SPA/51669/2011 de MC SPA Sociedad de Prevención, S.L por concerto prevención integral. Importe 300,56 euros

Factura núm. 95003950 de Fornecimentos Galegos, S.L (FOGA) por copias efectuadas na fotocopiadora da casa do concello nos meses de maio e xuño. Importe 473,99 euros

Factura núm. 95004288 de Fornecimentos Galegos, S.L (FOGA) por cartucho de grampas. Importe 77,90 euros

Taxas de publicación de anuncio expediente de urbanismo no DOG. Importe 124,66 euros

Pago de franquía de seguro de responsabilidade civil por danos ocasionados en vehículo de particular con motivo da rotura dunha pola do pino do parque de Santa Cruz de Ribadulla. Importe 302,15 euros

Factura de Gas Natural S.U.R SDG por suministro eléctrico na nave almacén de Trobe no mes de maio. Importe 20,51 euros

Factura de Gas Natural S.U.R SDG por suministro eléctrico no punto limpo no mes de maio. Importe 148,09 euros

Factura de Gas Natural S.U.R SDG por subministro eléctrico na ludoteca municipal no mes de maio. Importe 199,56 euros

Facturas de Telefónica Móviles España S.A por consumo do mes de xuño. Importe 850,00 euros

Facturas de Telefónica de España S.A.u por consumo do mes de xuño. Importe 1.483,68 euros

Factura núm. 1/2011 de UTE URBEPLAN, S-L - ASESORES CONSULTORES GESTIÓN PROMOCIÓN DE ENERGÍAS ARC, S.L por honorarios de redacción do plan de sectorización do solo urbanizable non delimitado SUND-4 Parque Empresarial. Importe 29.647,43 euros

Factura núm. 2/2011 de UTE URBEPLAN, S-L -ASESORES CONSULTORES GESTIÓN PROMOCIÓN DE ENERGÍAS ARC, S.L por honorarios de documento informe de alegacións do plan de sectorización do solo urbanizable non delimitado SUND-4 Parque Empresarial. Importe 25.513,88 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e vinte minutos